



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 26 DE MARZO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se dispón o cesamento de Aurora Moinelo Paradela como delegada provincial na Coruña da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se dispón o cesamento de M^a del Mar Chao López como directora xeral de Transportes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto polo que se autoriza a transacción dos dereitos mineiros no ámbito de execución da Plataforma Loxística de Salvaterra do Miño-As Neves (PLISAN)

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10 por cento da subvención no momento da concesión, na Orde pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2009

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio marco de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a empresa *TCT Mobile Europe SAS*, para a normalización do galego no sector da telefonía móbil



- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio marco de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a empresa *Motorola España, S.A.* para a normalización do galego no sector da telefonía móbil

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o Igape a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 7.000.000 euros a *Inversiones e Infraestructuras Atlante, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Igape a establecer condicións especiais de subsidiariedade e superar o prazo de vixencia de cinco anos na concesión dun aval por importe máximo de 11.500.000 euros a *Grupo Empresarial Isidro de la Cal, S.L.*
- Acordo polo que se autoriza o Igape a establecer condicións especiais de subsidiariedade na concesión dun aval por importe máximo de 6.003.000 euros a *Bernardo Alfageme, S.A.*

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vilagarcía de Arousa, que permiten realizar as obras de rexeneración estética e funcional da fachada do auditorio de Vilagarcía
- Acordo polo que se aproba o convenio de adhesión do Concello de Toques á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cangas, para urbanizar e pavimentar a praza da Constitución e o seu contorno, no propio concello
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Marín, para crear un Ecoparque de aventura na natureza, na Finca do Cadro situado no propio concello



CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña, para a realización do programa de investigación histórica sobre a represión na Galicia “As vítimas, os nomes, as voces e os lugares”, 4ª fase

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a realización de formación práctica no posgrao interuniversitario de Xestión e Dirección Laboral
- Acordo de prórroga do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Rois (A Coruña), para a prestación de asistencia sanitaria en réxime ambulatorio aos beneficiarios da Seguridade Social nos centros de saúde de titularidade municipal

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de execución entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos da Xunta de Galicia e a *Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO)*, relativo á fase preparatoria do proxecto de desenvolvemento da acuicultura rural e de pequena escala en América Latina e o Caribe

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a validación dos gastos relativos á redacción do proxecto básico e de execución da obra para a construción dunha torre de comunicacións para a instalación dun radar meteorolóxico no monte de Xesteiras de Cuntis (Pontevedra), por importe de 56.840 euros

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Asociación Galega co Pobo Saharai, para o proxecto de cooperación internacional de construción de 22 vivendas no Barrio da Solidariedade en Tifariti no Sáhara Occidental



INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe sobre liquidación e peche do exercicio 2008
- Informe sobre a situación económica de Galicia

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Informe sobre o balance do emprego en Galicia na presente lexislatura. Xuño 2005- Decembro 2008



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DO CONVENIO PARA O PAGAMENTO DOS DEREITOS MINEIROS AOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN DA PLISAN

- *O importe total das indemnizacións ascende a 7,7 millóns de euros e o pagamento efectuarase no prazo dun mes desde a sinatura do convenio*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura do convenio para o pagamento dos dereitos mineiros pola expropiación da Plataforma Loxística Salvaterra- As Neves (PLISAN). O convenio asinarase entre os tres promotores da PLISAN –Consellería de Vivenda e Solo, Zona Franca e Porto de Vigo- e os propietarios que teñan procedementos xudiciais abertos ou sentenzas favorables para o pagamento das indemnizacións correspondentes aos recursos mineiros existentes no ámbito por un importe total de 7,7 millóns de euros.

O custo total das indemnizacións, tal e como se recolle no convenio aprobado hoxe polo Consello, será sufragado polos tres promotores da PLISAN en proporción á cota de participación de cada un. En concreto, o Instituto Galego de Vivenda e Solo aboará a cantidade correspondente á súa cota de participación do 18,295%, Autoridade Portuaria de Vigo un 60,58%, e Zona Franca un 21,125%.

Os promotores da PLISAN e os afectados pola expropiación establecen de mutuo acordo no convenio a cantidade de 4,03 euros/m² en pagamento polos recursos mineiros. O pagamento total destas indemnizacións será realizado no prazo dun mes contado a partir da sinatura do convenio, no que as partes asinantes tamén se comprometen a desistir dos procedementos xudiciais ou administrativos interpostos diante dos órganos competentes.

Finalmente, o convenio tamén recolle que as administracións actuantes proseguirán o trámite aberto de reclamación contra as empresas mineiras asinantes dos convenios do 31 de marzo de 2003 e do 26 de marzo de 2004 para facer efectivo o seu cumprimento.



O GOBERNO GALEGO DESTINA CASE 45 MILLÓNS DE EUROS PARA O PLAN CONCERTADO DE PRESTACIÓNS BÁSICAS DE SERVIZOS SOCIAIS NOS CONCELLOS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria destas axudas ás corporacións locais*

O Goberno galego deu hoxe luz verde á Orde anual pola que se regulan as bases que rexerán as axudas económicas destinadas ás corporacións locais para o financiamento de programas sociais de atención primaria incluídos no Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais, así como para o financiamento dun primeiro nivel de atención a sectores de poboación con problemáticas diferenciadas, de proxectos destinados a garantir a accesibilidade, de servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, de investimentos en equipamentos de servizos sociais, e de proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.

Esta futura orde de axudas económicas –que aínda ten que saír publicada no *Diario Oficial de Galicia*– conta cun investimento inicial para este ano de 44.628.997,50 euros.

Tipos de subvencións

Mediante a orde de axudas do Plan concertado, os concellos poderán percibir achegas económicas para os servizos sociais básicos de competencia municipal. Dentro das actividades que se desenvolvan nos centros municipais de servizos sociais serán obxecto de financiamento os programas básicos de información, orientación e asesoramento; de axuda no fogar e apoio á unidade de convivencia; de prevención e inserción social; de aloxamento alternativo; de fomento da cooperación social e todos aqueles que se leven a cabo para a prestación dos servizos sociais de atención primaria.

A orde prevé ademais axudas para o financiamento dos servizos sociais comunitarios específicos mediante os que se desenvolvan programas e xestionen os centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, tales como as persoas maiores, as persoas con discapacidade, ou colectivos en risco de pobreza e exclusión social, procurando a súa normalización e reincorporación social ou como espazo de tránsito a un servizo especializado. Os ditos servizos sociais comunitarios prestaranse nos centros de servizos sociais, centros de acollida, albergues e outros equipamentos de apoio ao traballo social comunitario.

Así mesmo, para garantir a dispoñibilidade dos recursos necesarios para a xestión dos servizos de competencia municipal incluídos no catálogo establecido na Lei de dependencia, financiarase especificamente o servizo de axuda no fogar para persoas



en situación de dependencia valorada, a maiores do financiamento para a prestación básica de axuda no fogar.

A orde integra tamén a liña de apoio aos concellos para a execución de programas de desenvolvemento dirixidos á poboación xitana, que se financiarán de forma autónoma respecto das actuacións anteriores.

Solicitudes

Desde a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta preténdese que esta orde anual –que o pasado ano se aprobou o 13 de marzo- se converta na canle principal de financiamento para as entidades locais, tentando que os municipios soliciten a través dela todos os servizos e programas que queiran realizar en canto a servizos sociais de atención primaria.

As solicitudes de subvencións formularanse nos modelos oficiais que se publicarán como anexos na orde, unha vez que saia publicada no DOG. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Para valorar as solicitudes de subvencións para o financiamento de servizos sociais de atención primaria, tratarase de garantir o obxectivo prioritario de financiamento da renovación das subvencións outorgadas ás corporacións locais durante o exercicio de 2008 para os conceptos de “persoal” e “axuda ao fogar”. Dentro da orde que sairá publicada no DOG, tamén se recollen os criterios e baremos para a valoración das solicitudes de subvencións para proxectos de desenvolvemento do pobo xitano.



RENÓVANSE INDEFINIDAMENTE OS ACORDOS CON ALCATEL E MOTOROLA PARA INCREMENTAR A GALEGUIZACIÓN DA TELEFONÍA MÓBIL

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo coas empresas fabricantes Alcatel e Motorola para a implantación progresiva do galego nos terminais comercializados en Galicia*
- *Este acordo, que renova o xa subscrito o ano pasado, inclúe tamén a opción idiomática do galego en produtos que contén con pantallas interactivas, nos manuais do usuario e nas guías rápidas que se ofrezan en soporte electrónico*
- *A Xunta facilitaralle á empresa asesoramento lingüístico e informará a cidadanía dos avances do galego neste sector*

O Consello da Xunta aprobou, na súa reunión de hoxe, a formalización de dous convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as empresas Motorola España e TCT Mobile Europe SAS, comercializadora da marca Alcatel, para a normalización lingüística no sector da telefonía móbil. Os acordos supoñen a renovación dos que xa se asinaron en setembro do ano pasado, coa novidade de que pasan a ser indefinidos, o que afianza o compromiso destas empresas coa galeguización deste sector.

Nas estipulacións dos convenios recóllense como actuacións que levarán a cabo as empresas a implantación progresiva do galego nos seus terminais que se comercialicen en Galicia. Farase a través da inclusión da lingua galega como opción idiomática nos menús e aplicacións propias dos terminais. Así mesmo, Motorola e Alcatel incluirán progresivamente o galego noutros produtos tecnolóxicos que comercialicen en Galicia e que dispoñan de pantallas interactivas, nos manuais de usuario e nas guías rápidas existentes en formato electrónico destes produtos, que se poderán descargar desde a web.

Asesoramento e información

A Secretaría Xeral de Política Lingüística facilitaralles ás empresas asesoramento lingüístico na revisión terminolóxica das traducións. Ademais, comprométese a darlle apoio institucional a calquera iniciativa das empresas asinantes que teña como finalidade a promoción da lingua e da cultura galegas. O departamento autonómico incluirá todas as novidades deste ámbito na páxina web www.oteumobilengalego.com, na cal se ofrece toda a información sobre a oferta de produtos deste tipo existentes no mercado que dispoñan da opción idiomática do galego, e na cal se poden descargar as actualizacións dispoñibles.



Os acordos aprobados hoxe polo Consello encádranse nunha serie de convenios entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e as principais empresas fabricantes e operadoras de telefonía móbil que prestan os seus servizos en Galicia. Logo desta renovación e da xa materializada coa empresa Nokia, en breve está previsto facelo coas marcas Samsung e Sony Ericcson, no sector de fabricantes, e coas operadoras Movistar, Orange, R, Vodafone e Yoigo.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AVAIS POR IMPORTE DE 24,5 MILLÓNS DE EUROS PARA O FINANCIAMENTO DE EMPRESAS

- *Os apoios consisten en avais do Igape para apoiar plans de financiamento de circulante e refinanciamento de pasivos das empresas Isidro de la Cal, Grupo Indeza e Bernardo Alfageme*

O Consello da Xunta aprobou a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) -dependente da Consellería de Economía e Facenda- avais ás empresas Isidro de la Cal, a Inversiones e Infraestructuras Atlante S.L. (Grupo Indeza) e Bernardo Alfageme pertencentes aos sectores de transformación de produtos pesqueiros, da construción e conserveiro, por un importe conxunto de 24,5 millóns de euros. Os avais están destinados a apoiar os plans de financiamento das súas necesidades de circulante e refinanciamento de pasivos.

A empresa de transformación e comercialización de produtos pesqueiros Isidro de la Cal atópase entre os maiores comercializadores de peixe fresco e conxelado de España e Europa, acadando un volume anual de 20.000 t e na actualidade emprega 256 traballadores. A empresa contará cun aval do Igape por importe de ata 11,5 en garantía de ata o 32% de operacións financeiras destinadas a financiamento de circulante, reestruturación de pasivos e outras necesidades operativas do grupo.

Do mesmo xeito, a empresa da construción Inversiones e Infraestructuras Atlante (Grupo Indeza), terá un aval do Igape por importe de 7 millóns de euros en garantía do 50% dun préstamo bancario por importe máximo de 14 millóns de euros. Este aval está destinado ao financiamento de circulante, reestruturación de pasivos e outras necesidades operativas do grupo. Este grupo, con máis de trinta anos de experiencia en sectores como a construción, a minería e os servizos urbanos, dispón dun cadro de persoal composto por máis de 300 persoas.

Pola súa parte, o grupo conserveiro Bernardo Alfageme, con catro plantas produtivas que empregan 315 traballadores, disporá dun aval do Igape por importe de 6 millóns de euros en garantía do 66,7% dun préstamo bancario por importe máximo de 9 millóns de euros destinado a financiar circulante e ao refinanciamento de débedas.



O GOBERNO GALEGO COLABORA CO CONCELLO DE VILAGARCÍA PARA REPARAR A FACHADA DO AUDITORIO

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio polo que a CPTOPT achegará un total de 800.000 euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a rexeneración estética e funcional da fachada do Auditorio da vila. Segundo este convenio, a CPTOPT executará e financiará as obras cun total de 800.000 euros. Pola súa banda, o Concello de Vilagarcía deberá facilitar os terreos e permisos necesarios para realizar os traballos e asumirá o mantemento futuro da fachada unha vez que finalicen as obras.

O Auditorio de Vilagarcía de Arousa foi construído entre 2001 e 2003 pola Sociedade Pública de Investimentos por encargo da Consellería de Política Territorial. As obras foron rematadas e cedidas ao concello en outubro de 2003, pero desde o ano 2006 comezaron a aparecer diversas anomalías na fachada que mesmo provocaron o desprendemento das pezas de lousa con que está recuberta. Segundo os estudos realizados, o motivo principal dos desprendementos é a descomposición da pedra, en especial da fachada orientada cara ao mar. Analizadas as posibles solucións, acometerase agora a substitución da lousa actual por unha nova doutras características máis axeitada ás condicións ambientais que debe soportar.



O CONCELLO CORUÑÉS DE TOQUES INCORPÓRASE Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- *Este concello delega na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística para determinados tipos de solo*
- *A APLU é un ente público consorciado ao cal os concellos se incorporan de xeito voluntario e que xa conta con 41 municipios adheridos*

O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia (APLU) e Concello coruñés de Toques para a súa adhesión a este órgano consorciado encargado de velar pola utilización racional do solo de conformidade coa normativa urbanística e de protección do litoral. A día de hoxe hai un total de 41 concellos adheridos á Axencia.

A integración deste concello na APLU será plenamente efectiva unha vez asinado o respectivo convenio de colaboración autorizado hoxe polo Consello e logo da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. Cómpre lembrar que a adhesión á APLU é unha decisión voluntaria dos propios concellos que debe ser aprobada en sesión plenaria municipal.

A partir de agora, o concello mencionado delega na Axencia as súas competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística respecto das obras e usos do solo que se realicen en solo rústico, en solo urbanizable mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas, serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ás administracións municipais.

Funcións da APLU

A APLU é un ente público consorciado do que forman parte a Xunta de Galicia e os concellos que voluntariamente se adhiran a ela. O seu cometido é a vixilancia do territorio para velar pola utilización racional do solo, a ordenación do territorio especialmente na zona rural e a inspección de áreas sensibles como o litoral na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre.

Os estatutos da Axencia –que foron elaborados por unha comisión mixta integrada por representantes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias - recollen de xeito pormenorizado as



súas funcións como son, entre outras, a inspección e vixilancia urbanística sobre os actos de edificación e uso de solo, a adopción das medidas cautelares previstas na lexislación urbanística, a instrución dos expedientes de reposición da legalidade e dos expedientes sancionadores por infraccións urbanísticas, a potestade sancionadora e de reposición da legalidade, o requirimento para a anulación de licenzas contrarias á normativa, o asesoramento e asistencia ás administracións públicas e as competencias de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística que os municipios integrados voluntariamente na Axencia deleguen nela.



O GOBERNO GALEGO INVISTE MÁIS DE 230.000 EUROS NA MELLORA DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN DE CANGAS

- *O departamento autonómico subvenciona as obras de urbanización e pavimentación da praza e do seu contorno para un mellor aproveitamento turístico*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Cangas para a urbanización e pavimentación da praza da Constitución e do seu contorno. En virtude do convenio, ao cal a Consellería de Innovación e Industria achegará 231.885,34 euros, o concello porá á disposición do departamento autonómico os terreos para a normal execución das obras sinaladas, así como a conceder as oportunas licenzas municipais e tramitar as autonómicas e estatais. O Concello de Cangas deberá manter en perfecto estado de utilización a actuación, ofrecendo un servizo axeitado ás visitas turísticas.

Innovación e Industria colabora así cunha actuación encamiñada a potenciar o turismo do país, no marco da súa liña de apoio á ordenación e promoción das actividades relacionadas coa conservación, protección, aproveitamento e mellora dos recursos patrimoniais turísticos, culturais e históricos do territorio e da paisaxe.



A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE MARÍN PARA CREAR UN ECOPARQUE NA FINCA DO CADRO

- *A Consellería de Innovación e Industria achegará máis de 230.000 euros á realización do proxecto, que estará situado na Finca do Cadro*

A Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Marín asinarán un convenio de colaboración para crear un ecoparque de aventura na natureza, logo de que o texto do acordo fora autorizado hoxe polo Consello da Xunta. A creación do ecoparque na denominada Finca do Cadro constitúe unha iniciativa turística innovadora e complementará os servizos turísticos da zona, contribuíndo ademais a desestacionalizar a demanda.

O proxecto, ao cal a Consellería achegará 231.468,04 euros, incluírá varios percorridos tanto de iniciación como infantís e de adultos e promoverá os valores culturais, incentivando o coñecemento do patrimonio cultural, etnográfico e natural galego, procurando a sensibilización ambiental sobre el.



O CONSELLO APROBA UN CONVENIO COAS UNIVERSIDADES PARA CONTINUAR CO PROCESO DE RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA

- *En vista deste acordo a Consellería de Cultura e Deporte achega 231.000 euros ao proxecto "As vítimas, os nomes, as voces e os lugares"*
- *O proxecto de investigación histórica, que se desenvolve desde 2006, centrarase na súa cuarta fase na represión en Galicia no período 1940-1977*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio polo que a Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, achega 231.000 euros ao proxecto "As vítimas, os nomes, as voces e os lugares", desenvolvido polas tres universidades galegas.

Este programa de investigación histórica desenvólveno as universidades de Santiago, Vigo e A Coruña. Diríxeo o catedrático de Historia Contemporánea Lourenzo Fernández Prieto, quen encabeza un equipo integrado por 12 especialistas. Este ano chega á súa cuarta fase, que se centrará na represión en Galicia durante a ditadura franquista, no período 1940-1977.

O estudo pescudará na documentación e na bibliografía para investigar sobre a represión económica, as causas militares abertas nese período, a guerrilla e a loita antifranquista, o sistema represivo e penitenciario, etc. Tamén se realizarán entrevistas persoais e se incorporarán fontes orais doutros estudos. A cuarta fase complétase co establecemento de liñas de colaboración con outras iniciativas de investigación, tarefas de difusión do proxecto e a disposición da base de datos da investigación na web www.anodamemoria.com.

Investigación histórica

A finalidade desta iniciativa é recuperar e recoñecer as voces dos represaliados do réxime franquista de forma que o seu testemuño chegue ás novas xeracións de galegos e galegas.

O proxecto naceu para estudar a represión franquista da Guerra Civil e da Ditadura, ofrecendo á sociedade os datos relativos ás persoas que sufriron algún tipo de persecución por mor da súa ideoloxía ou da súa posición favorable á democracia republicana. Esta tarefa abórdase desde a perspectiva da investigación histórica.

O traballo pretende cubrir, desde o rigor da disciplina histórica, os baleiros existentes sobre o período de estudo: poñer ao servizo da sociedade galega os nomes dos represaliados polo franquismo, a través dunha base de datos específica que recolla os principais datos de cada persoa. Ao mesmo tempo, recoller as voces dos que pasaron polo cárcere, o exilio ou estiveron agochados, así como as lembranzas dos seus



familiares máis achegados. Por último, botar luz sobre os lugares da represión, os foxos, os cemiterios, as corredoiras ou os montes, onde os represaliados foron asasinados ou foron vexados.



XUNTA E UNIVERSIDADE DE VIGO COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DE FORMACIÓN PRÁCTICA NO POSGRAO INTERUNIVERSITARIO DE XESTIÓN E DIRECCIÓN LABORAL

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Executivo autonómico e a Universidade de Vigo para a realización de formación práctica no posgrao interuniversitario de Xestión e Dirección Laboral.

A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e o Sistema Universitario de Galicia consideran que a colaboración mutua no que se refire á transferencia e intercambio do coñecemento contribúe á mellor realización das actividades propias de cada unha delas, así como á optimización dos seus recursos materiais e humanos.

A Universidade de Vigo coordina o posgrao interuniversitario de Xestión e Dirección Laboral, das Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, cuxa primeira edición estase a desenvolver no momento actual.

Este posgrao ten por destinatarios os titulados ou graduados en Relacións Laborais, Dereito, Administración e Dirección de Empresas, Economía, Ciencias Políticas, Xestión Pública, Socioloxía e outros, e o seu obxectivo é a orientación profesional preparando profesionais de alto nivel para a xestión dos recursos humanos da empresa, a mediación e auditoría sociolaboral, e todo o relacionado coa Seguridade Social.

A notable complexidade organizativa do Sistema Sanitario Público de Galicia, e a súa innovación e incorporación de novas tecnoloxías e a heteroxeneidade dos recursos humanos con que conta, fan que o ámbito sanitario permita aos estudantes de grao e posgrao universitario, sanitarios e non sanitarios, enfrontarse a situacións reais de exigencia profesional, e forxar a actitude e predisposición necesaria para a asunción de responsabilidades e facilitar a planificación dunha carreira profesional axustada aos seus intereses e capacidades.

En consecuencia, o obxecto do convenio aprobado hoxe polo Executivo galego é establecer a cooperación entre Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo, para a realización de formación práctica de alumnas e alumnos matriculados neste posgrao.

Esta formación práctica terá como obxectivo o coñecemento, por parte do alumnado, da metodoloxía e técnicas correspondentes á xestión de recursos humanos, a través do aproveitamento da experiencia do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade en áreas operativas relacionadas con esta especialidade de posgrao.



A selección do alumnado que realizará formación práctica no marco do convenio corresponderá á universidade, e a selección de centros asistenciais e unidades administrativas onde realizar as prácticas, e o establecemento do número definitivo de alumnas e alumnos recibidos, corresponderá á Consellería de Sanidade, tendo en conta criterios de índole didáctica e organizativa. En cada centro asistencial ou unidade administrativa onde se leve a cabo a formación práctica designarase un titor ou titora con titulación académica suficiente, baixo cuxa supervisión realizara cada estudante as súas prácticas. O labor de titoría tamén inclúe velar pola formación do alumnado polo cumprimento do plan específico fixado polo centro ou unidade.

Cada estudante deberá elaborar ao final da súa estadía unha memoria final da súa experiencia, e o titor ou titora emitirá un informe sobre as actividades realizadas por cada alumno ou alumna.

Este convenio non implica gasto ningún nin para a Consellería de Sanidade nin para o Servizo Galego de Saúde.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE DESTINA 4.563 EUROS Á PRESTACIÓN DA ASISTENCIA SANITARIA DOS CENTROS DE SAÚDE DE ROIS, NA CORUÑA

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a prórroga, ata finais de ano, do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Rois (A Coruña), por unha contía total de 4.563 euros.

O obxecto do convenio é a prestación de asistencia sanitaria en réxime ambulatorio aos 3.380 titulares beneficiarios da Seguridade Social nos centros de saúde de titularidade municipal, en concreto o centro de Rois e o de Urdilde.

Segundo este convenio, o Servizo Galego de Saúde aboará un total de 0,15 euros ao concello de Rois por cada un dos titulares, mentres que o concello se compromete a manter en perfecto estado as instalacións e sufragar os gastos correntes de electricidade, teléfono, calefacción ou auga.



O GOBERNO GALEGO AUTORIZA A FASE INICIAL DUN PROXECTO DE ACUICULTURA RURAL EN AMÉRICA LATINA E O CARIBE QUE DESENVOLVEN PESCA E FAO

- *Para a posta en marcha desta fase preliminar do proxecto, a Administración pesqueira galega achegará un importe total de 54.100 euros*
- *O obxectivo desta iniciativa de cooperación pesqueira é mellorar e impulsar os mercados locais e rexionais para os produtos de acuicultura, así como estimular o consumo de peixe nestes países*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de execución da fase preparatoria do proxecto *“Acuicultura rural e de pequena escala para o desenvolvemento sustentable en América Latina e o Caribe”*, tamén denominado proxecto *“Galaqua”*, que se enmarca no Memorando de entendemento asinado en xullo de 2008 entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO). Para a posta en marcha desta actuación a Consellería de Pesca realizará unha achega de 54.100 euros.

O obxectivo principal deste acordo é a formulación conxunta e consensuada por ambas as partes do proxecto *“Galaqua”*, así como a identificación dos mecanismos de enlace entre os módulos produtivos e as comunidades directamente beneficiadas por esta iniciativa, o que permita asegurar a sustentabilidade do proxecto e o logro dos obxectivos. Así mesmo, nesta primeira fase consensuarase o desenvolvemento do proxecto nos países involucrados directamente.

No marco deste protocolo, a FAO será a responsable da posta en marcha e da execución desta fase preparatoria e achegará os medios técnicos e operativos necesarios para a consecución dos seus obxectivos. Para iso, contará co apoio, en calidade de co-executor, do Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación Cetmar) como organismo vinculado á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Segundo establece o convenio de execución, autorizado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia, crearase unha comisión técnica de seguimento que se encargará de velar pola consecución das actividades, os obxectivos e os resultados das actuacións previstas, así como velar polo seu desenvolvemento óptimo e deliberar sobre as opcións de reorientación a partir das variacións e outras incidencias que se poidan producir durante o seu desenvolvemento. Esta comisión será paritaria e estará formada por representantes da Consellería de Pesca e da FAO. Calquera incidencia ou variación substancial que se produza nesta actuación terá que someterse á Comisión Técnica de Seguimento para a súa consideración e a toma das decisións pertinentes.



Este convenio comezará a aplicarse a partir da data da súa sinatura e ata a data de terminación das operacións da fase preparatoria. O presente convenio poderá ser modificado segundo acordo das partes asinantes.

Actividades que se desenvolverán na fase preparatoria

Coa posta en marcha do proxecto "*Acuicultura rural e de pequena escala para o desenvolvemento sustentable en América Latina e o Caribe*", a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) queren intensificar a colaboración que veñen mantendo en materia pesqueira en beneficio dos países en desenvolvemento, en concordancia coas metas definidas por Nacións Unidas, en particular cos Obxectivos do milenio.

O convenio de execución que se asinará en breve e a través do cal se comezará a traballar na fase preliminar desta iniciativa é o resultado da misión conxunta que desenvolveron Pesca e FAO entre o 23 de agosto e o 11 de setembro de 2008 sobre o terreo para a identificación e formulación das liñas principais deste proxecto. Esta misión tivo por obxectivo básico realizar unha formulación profunda e definitiva das actuacións que se desenvolverán no proxecto e establecer os acordos de execución e apoio dos gobernos participantes. A raíz disto establécese, primeiramente, esta fase preparatoria que inclúe unha serie de actividades que se desenvolverán.

As accións que se levarán a cabo nesta fase preliminar do proxecto son, entre outras, definir o programa de traballo e a asignación de tarefas, contratar un consultor nacional e técnico de apoio, definir o plan de traballo do grupo técnico de apoio, divulgar polos medios apropiados os obxectivos do proxecto e dos beneficios que poden derivar del nos países interesados en participar nas súas actividades formativas, identificar as necesidades de compromiso por parte dos países integrantes e beneficiarios do proxecto, preparar acordos específicos sobre a situación dos módulos de formación e o apoio loxístico e de material que os países participantes se comprometen a prestar para o seu bo funcionamento, e verificar a estratexia e metodoloxía do proxecto.

Do mesmo xeito, entre o programa de actividades iniciais, inclúese a identificación e designación do perfil de puntos focais nos países integrantes e beneficiarios, a identificación do perfil dos capacitadores integrantes na rede de capacitación e das comunidades costeiras que estarán involucradas no proxecto, así como a elaboración de guías operativas que identifiquen o "modus operandi" das actividades que se desenvolverán.

Tamén se traballará na elaboración das liñas directoras para un "Fondo Operacional de Garantía", en apoio da participación dos países beneficiarios que así o soliciten nas actividades de capacitación, que se desenvolverán nos respectivos módulos



formativos; definir o perfil dos coordinadores dos módulos; elaborar un orzamento e un cronograma do proxecto; así como un documento de formulación definitivo consensuado por todas as partes involucradas.

Proxecto "Galaqua"

O proxecto "Galaqua", ou o que é o mesmo "*Acuicultura rural e de pequena escala para o desenvolvemento sustentable en América Latina e o Caribe*", fixa como primeira actividade levar a cabo polas dúas partes a identificación, formulación e posta en funcionamento dun proxecto de acuicultura para América Latina e o Caribe, unha iniciativa con que se persegue mellorar e impulsar os mercados locais e rexionais para produtos de acuicultura e estimular o consumo de peixe. Ademais, esta medida tamén busca implementar a nivel rexional o enfoque ecosistémico da acuicultura e mellorar a aplicación do Código de conduta para a pesca responsable (CCRF), así como fomentar a gobernabilidade e a planificación da acuicultura nas zonas obxecto de actuación e diseminar e mellorar as capacidades e experiencias técnicas.

Así mesmo, a execución deste proxecto de acuicultura está dirixida a acadar a mellora da cooperación entre países con experiencia en prácticas de manexo, planificación e políticas acuícolas que poida incrementar o impacto dos cultivos mariños sobre o PIB dos estados implicados, particularmente aumentado a influencia do sector sobre as comunidades rurais e as súas formas de gañar a vida. Por outra banda, tamén quere promover o desenvolvemento sustentable da acuicultura nestes países.

Para acadar os obxectivos do devandito proxecto desenvolveranse diferentes actividades e subprogramas que incluírán catro módulos de diagnose e capacitación técnica enfocados á acuicultura rural e de pequena escala. Estes módulos dedicaranse ao fortalecemento institucional e á organización do sector privado (pequenos produtores e agrupacións de acuicultores rurais); o desenvolvemento tecnolóxico e produción de alimentos, semente e sistemas produtivos; a posta en marcha de boas prácticas de manexo; e a ampliación de mercados xunto co incremento do consumo local de peixe de acuicultura. Os catro módulos incluírán, ademais, talleres e actividades prácticas e demostrativas e a súa planificación buscará cubrir os diferentes estados participantes no proxecto.



A XUNTA APROBA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO E A CONSTRUCCIÓN DUNHA TORRE DE COMUNICACIÓN PARA A INSTALACIÓN DO RADAR METEOROLÓXICO DE METEOGALICIA NO MONTE DE XESTEIRAS, EN CUNTIS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a validación dos gastos relativos á redacción do proxecto e execución da obra*
- *A torre de comunicacións complementará o radar meteorolóxico de MeteoGalicia, que permitirá coñecer con rapidez e fiabilidade os cambios meteorolóxicos e anticipar situacións extremas*

A Xunta autorizou hoxe o financiamento do proxecto e execución da obra para a construción dunha torre de comunicacións para a instalación dun radar meteorolóxico no monte de Xesteiras de Cuntis (Pontevedra). O novo radar incorporárase á rede de predición meteorolóxica de MeteoGalicia e permitirá, mediante as últimas tecnoloxías, anticipar as situacións máis adversas con rapidez e fiabilidade.

Co novo radar MeteoGalicia poderá anticipar en seis horas fenómenos meteorolóxicos adversos, determinando desde o seu movemento ata a cantidade e tipo de precipitacións que se van producir. A instalación deste moderno dispositivo, que se situará na localidade pontevedresa de Cuntis e contará cun orzamento de arredor de 4 millóns de euros, permitirá ademais coñecer con rapidez e fiabilidade os cambios meteorolóxicos e anticipar situacións extremas.

O radar, que estará en funcionamento a finais do ano, é a última innovación tecnolóxica que MeteoGalicia incorpora á súa rede de predición e observación, que nos últimos tres anos e medio se viu incrementada e mellorada.

Novas estacións

As actuacións de MeteoGalicia nesta lexislatura centráronse en mellorar a capacidade de observación, instalando novas estacións terrestres e poñendo en marcha as redes oceanográficas. Concretamente, entre 2005 e 2009, o servizo pasou de dispor de 60 a 72 estacións automáticas e a contar cunha nova rede de observación de montaña en puntos como Os Ancares ou Manzaneda. Tamén se puxeron en funcionamento as primeiras estacións oceanográficas para mellorar as predicións marítimas en puntos como Rande, Cíes ou A Guarda-Baixo Miño. Esta rede está previsto que se estenda por toda a costa galega, mediante a colocación de novos dispositivos, en colaboración con outros organismos como Portos de Galicia e Portos do Estado.

Á rede de observación haberá que sumar, nun futuro próximo, o mencionado radar meteorolóxico e tamén a rede de medición de raios, que conta xa con catro



dispositivos, un en cada provincia: en Mabegondo (A Coruña); Alto do Rodicio (Ourense); Vigo; e Castro de Rei (Lugo).



A XUNTA ACHEGA 250.000 EUROS PARA A CONSTRUCIÓN DE 22 VIVENDAS NO CAMPO DE REFUXIADOS DE TIFARITI, NO SÁHARA OCCIDENTAL

- *Esta actuación -desenvolvida en colaboración coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaui (SOGAPS)- inclúe a construción de redes de auga, electricidade e sumidoiros, e a habilitación de espazos públicos verdes e de lecer*
- *A Consellería de Vivenda ten investido ata o de agora en cooperación exterior case 1,3 millóns de euros para a construción ou rehabilitación de 324 vivendas*

O Goberno galego achegará 250.000 euros para a construción de 22 vivendas no campo de refuxiados de Tifariti –barrio da Solidariedade- no Sáhara Occidental. O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Asociación Galega co Pobo Saharaui (SOGAPS) para o desenvolvemento deste proxecto.

Esta actuación consistirá na construción de 22 vivendas, ademais das correspondentes redes de abastecemento de auga e electricidade, rede de sumidoiros e asfaltado de estradas. Tamén se acondicionarán espazos públicos de lecer e zonas verdes para desfrute de toda a poboación.

O obxectivo é mellorar as condicións de habitabilidade da poboación refuxiada e a súa saúde, ademais de fomentar a formación da poboación local en actividades de construción e mantemento das infraestruturas construídas. De feito, as propias familias participarán no deseño das súas vivendas e na disposición das veciñanzas e espazos públicos. As obras de levantamento das estruturas das vivendas serán feitas por contratistas cualificados, pero serán as propias familias beneficiarias as que levarán a cabo a finalización das súas vivendas.

A selección da poboación saharauí que habitará estas 22 vivendas farase en función das súas necesidades e da súa proximidade ao lugar de construción. Esta actuación deberá estar rematada o 31 de decembro de 2009.

1,3 millón de euros en cooperación exterior

Ademais da achega que aprobou hoxe o Consello da Xunta -250.000 euros-, a Consellería de Vivenda e Solo dedicou en anos anteriores un total de 1.043.385 euros a actuacións de cooperación exterior en materia de vivenda, o que suma un total de 1.293.385 euros. Este investimento permitiu a construción ou rehabilitación de 322 vivendas no norte de África e Sudamérica.

En concreto, este departamento autonómico participou na rehabilitación integral do Campo de refuxiados palestinos de Neirab, en Siria, o que supuxo a reconstrución das



vivendas de nove familias –aproximadamente 46 persoas- para adecualas aos estándares de habitabilidade, así como na rehabilitación de 16 vivendas situadas nos campos de refuxiados de Palestina, en concreto en Jalazone e Amari.

En Sudamérica, a Consellería de Vivenda e Solo participou na recuperación de 153 vivendas devastadas polos furacáns *Gustav* e *Ike* na provincia de Pinar del Río en Cuba. En Montevideo (Uruguai) financiou a construción de 64 vivendas nos asentamentos de “La Vereda” e “Pasos de las Duranas”, mentres que en Nicaragua participou na construción de 60 vivendas no municipio de Totogalpa, departamento de Madriz.

O obxectivo dos proxectos financiados pola Xunta é a construción e rehabilitación de vivendas en zonas afectadas por catástrofes naturais, guerras, desprazamentos de poboación, campamentos de refuxiados ou áreas afectadas pola pobreza extrema.

A Consellería de Vivenda e Solo dispuxo nas súas competencias dunha área de cooperación exterior desde o ano 2005 para fomentar o dereito básico e fundamental das persoas a acceder a unha vivenda digna, dereito recollido na Declaración Internacional de Dereitos Humanos da ONU. Os programas leváronse a cabo a través de convenios de colaboración con entidades que teñen unha longa experiencia neste ámbito como o Fondo Galego de Cooperación, a Asociación Galega co Pobo Saharai, a Asociación de Arquitectos sen Fronteiras, e a Intendencia de Montevideo.



O INVESTIMENTO REAL DA XUNTA DE GALICIA ACADOU OS 1.362 MILLÓNS DE EUROS NO 2008, UN 7,8% MÁIS QUE O ANO ANTERIOR

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe referente á liquidación e o peche do exercicio do ano 2008. Segundo este informe, a Xunta de Galicia culminou o exercicio 2008 cun forte incremento do investimento produtivo que acadou os 1.362 millóns de euros, o que supón un 7,8% máis que o ano anterior. Durante o pasado exercicio os ingresos non financeiros acadaron os 11.090 millóns de euros cun incremento dos ingresos dos impostos directos do 14% e unha caída dos indirectos do 6%. Os gastos totais ascenderon a 11.292 millóns de euros. Os resultados non financeiros foron de - 202 millóns de euros, o que representa unha porcentaxe de déficit do 0,36% do PIB galego, e que se explica polo 2% do anticipo que a Administración central non liquidou ás comunidades autónomas en 2008 e que estaba orzado con 241 millóns de euros.

Ingresos

Con respecto aos ingresos, os directos superan nun 21% a cifra orzada, e distribúense do seguinte xeito: un 11% para a tarifa autonómica do IRPF, o 43% do imposto de sucesións e doazóns e o 25% do imposto sobre o patrimonio. Polo que respecta aos impostos indirectos, estes caeron un 5% sobre a cifra orzada, debido principalmente á caída do 28% no imposto de transmisións patrimoniais e o 8% no imposto minorista de hidrocarburos, aínda que compensado parcialmente cun incremento do IVE do 6%. O capítulo III de taxas e outros alcanza o 100% da cifra inicialmente orzada. Así, o conxunto dos ingresos tributarios incrementábase un 3% sobre o total da cifra orzada.

Finalmente, os ingresos totais alcanzan a cifra de 11.691 millóns de euros que supera en 9 millóns de euros, a cifra presupostada inicialmente.

Gastos

Os gastos totais no ano 2008 acadaron os 11.292 millóns de euros, o que supón o 90,8% de execución do orzamento vixente.

Ademais, os resultados non financeiros descenderon -202 millóns de euros, que representa unha porcentaxe de déficit do 0,36% do PIB galego, moi inferior á media das Comunidades autónomas situada no 1,45%. Por outra banda, a ratio de débeda no 2008 supón o 6,9% do PIB fronte ao 7,6% do ano 2004.

Como conclusión, pódese apuntar que, a pesar da situación de crise económica actual que motivou, por unha banda, que a Administración central non liquidara o correspondente anticipo do 2% ás comunidades autónomas e pola outra, a caída dos ingresos do imposto de transmisións patrimoniais vinculado á crise do sector



inmobiliario, se cumpriron os obxectivos dos investimentos orzados cun resultado sensiblemente mellor á media das comunidades autónomas e á porcentaxe de déficit acordada no Consello de Política Fiscal e Financeira.



GALICIA LIDEROU O CRECEMENTO DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS DURANTE O PERÍODO 2005-2008

O Consello da Xunta coñeceu esta mañá o informe sobre a situación económica de Galicia. A Comunidade galega liderou o crecemento rexional de España no período 2005-2008 segundo os datos de Contabilidade Rexional de España feitos públicos onte polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

Nun contexto de crise económica internacional coma o actual, ao que Galicia non é inmune, a economía galega presentou tamén unha desaceleración económica a partir do primeiro trimestre do ano 2008. No ano 2008 a Comunidade galega medrou un 1,8%, seis décimas máis que a media española (1,2%) e 1,1 puntos por riba do conxunto da Eurozona (0,7%) continuando, deste xeito, o proceso de converxencia de Galicia con España e con Europa. Con este crecemento do 1,8% no ano 2008, Galicia ocupou o terceiro posto no ránking de crecemento das CCAA, só detrás do País Vasco e de Navarra.

O crecemento de Galicia nos últimos catro anos, permitiu un incremento da renda per cápita de 4.776 euros máis, acadando a cifra de 20.619 euros por habitante no ano 2008. Isto repercute tamén, na aceleración do proceso de converxencia da economía galega con respecto ao noso contorno, de España e Europa.



NA VII LEGISLATURA FORON CREADOS 94.775 EMPREGOS NETOS

- *Galicia chegou aos 1,2 millóns de ocupados, a un ritmo de 76 novos postos de traballo por día*
- *A taxa de estabilidade incrementouse neste período en 3,25 puntos, ata o 69,4%*

O Consello da Xunta informou hoxe ao respecto da evolución do emprego durante a presente lexislatura, na que foron creados 94.775 empregos netos. Grazas a este incremento, na VII lexislatura, de 42 meses de duración, acadáronse os 1.200.100 ocupados.

Na lexislatura anterior (45 meses) foran creados 76.950 empregos netos. Así pois, baixo a xestión de Emilio Pérez Touriño créanse 17.825 postos de traballo máis que no período precedente. Isto supón unha media de 76 empregos diarios, fronte aos 55 da VI lexislatura.

Nesta lexislatura produciuse un cambio estratéxico na composición do crecemento do emprego, ao pasar a industria do 2% ao 11% de incremento, e ao reducirse a construción do 18% ao 8%. A un tempo, mantívose o nivel dos servizos, aínda que reconfigurando as súas actividades.

A taxa de estabilidade incrementouse estes anos en 3,25 puntos, ata acadar o 69,4%. O incremento de traballadores con relación laboral estable medrou a un ritmo de 71 diarios, fronte ao 1 diario con relación temporal. Na anterior lexislatura incrementáranse cada día en 45 os traballadores que tiñan relación estable, e en 23 os temporais, provocando así que a taxa de estabilidade non tivese variacións.

A media anual de paro no final desta VII lexislatura supuxo unha redución do 23,1% (34.400 persoas paradas menos) fronte ao incremento do 6,7% (9.325 persoas paradas máis) da anterior.

O ritmo diario de creación de emprego feminino foi de 54 empregos, fronte aos 34 da lexislatura anterior. A taxa de estabilidade das traballadoras aumentou en 3,7 puntos, ata o 67%, fronte á redución de 1,6 puntos da anterior lexislatura. Así mesmo, o paro feminino reduciuse en 28.475 mulleres, fronte ao incremento de 6.025 mulleres no anterior período lexislativo.

Evolución durante a crise

Destaca o mantemento do emprego do último trimestre de 2008 en Galicia, cunha perda inferior ao 0,8%, cando o comportamento estatal foi dunha redución do 19,3%. As cifras amosan unha maior resistencia do tecido produtivo galego á crise



económica. Concretamente, en 2008 creáronse case 100.000 postos de traballo, cun ritmo de creación diaria de emprego un 38% superior ao da anterior lexislatura.

Mentres que co anterior goberno o paro aumentou en 9.325 persoas, co goberno presidido por Emilio Pérez Touriño foi reducido en 34.400 persoas. O anterior goberno incrementou a diferenza coa taxa de paro estatal en case 3 puntos. Co Executivo agora en funcións a taxa de paro reduciuse en algo máis de tres puntos, do 11,9% ao 8,8%, e está situada 2,6 puntos por debaixo da taxa estatal. Cómpre destacar que, de terse mantido en Galicia a mesma evolución que a media estatal, habería nesta Comunidade 171.337 parados, 56.812 máis cos existentes.

Políticas de cambio desenvolvidas

O Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño mellorou a calidade e seguridade do emprego. Os incentivos ás empresas foron condicionados a que tivesen unha taxa de estabilidade superior á media de Galicia e, agás excepcións, soamente foron subvencionados contratos indefinidos.

Establecéronse os pactos sectoriais de estabilidade para os sectores con máis estacionalidade e conseguíuse incrementar neles a taxa de estabilidade case o dobre que no conxunto de Galicia. Así mesmo, reduciuse o índice de incidencia de accidentes laborais, un 10% nos mortais e un 37% nos graves. Púxose en marcha o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e o Plan estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2006-2010, ademais de plans de actuación sectoriais en actividades de máximo risco. Nesta liña, coordináronse as accións da consellería coa Fiscalía e desenvolvéronse numerosas campañas de sensibilización ao respecto dos accidentes laborais.

Foron impulsadas políticas de igualdade e de conciliación. O principio de igualdade entre mulleres e homes e máis o emprego son columnas vertebrais da acción deste Goberno, sobre as que sustenta o seu labor na procura do crecemento e desenvolvemento económico e social do país. As mulleres sofren en maior medida que os homes o desemprego, a inactividade laboral, a precariedade e a discriminación salarial. Por iso, a Consellería de Traballo impulsou dúas ferramentas clave: un marco lexislativo propio, constituído pola Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, e as medidas concretas acordadas no proceso de Diálogo Social. Estas dúas ferramentas deron lugar ao Plan Aurora de emprego feminino.

Establecéronse mecanismos de corrección dos desequilibrios territoriais. Con este fin articuláronse os pactos territoriais de emprego, que elaborarán 15 plans de emprego específicos, e púxose en marcha do primeiro Plan Integral de Emprego de Galicia, co obxectivo de corrixir os desequilibrios por medio de actuacións concretas nas zonas deprimidas.



Potenciamos o Servizo Público de Emprego. Desprivatizámolo e redefinimos as súas funcións para achegalo ás necesidades concretas do mercado de traballo e as dos seus usuarios, demandantes e empresas, incrementando, ata duplicalos, os seus técnicos. Modificamos os instrumentos de mellora da empregabilidade, especialmente a formación para o emprego adaptándoa ás necesidades do mercado laboral e dos demandantes a través dos itinerarios personalizados de inserción, e introducíronse fórmulas flexibles na súa execución.

Fortaleceuse a negociación colectiva por medio do *Acordo de bases da negociación colectiva*, da modificación da Lei do Consello Galego de Relacións Laborais, do Acordo sobre responsabilidade social empresarial e da Lei de participación institucional das organizacións empresariais e sindicais mais representativas. Así mesmo, a forma de gobernar acordando as políticas cos axentes socioeconómicos supón unha revitalización das súas funcións.

Por último, implantáronse medidas para paliar os efectos da crise no emprego apoiando os sectores produtivos estratéxicos, e previndo e paliando os seus efectos en determinados colectivos, como mulleres e parados de longa duración, así como fomentando o emprego e a competitividade, principalmente nas microempresas. Todo o conxunto de actuacións realizadas neste período dá como resultado que Galicia, pese ao actual contexto de crise global, conte cun mercado laboral que, no canto de sufrir un meirande incremento do desemprego, como ocorreu co anterior goberno autonómico, sexa a segunda comunidade coa menor suba en relación co Estado.